

En *Noite de voraces sombras* unha moza descubre unha historia de amor e compromiso silenciada tras o golpe militar de 1936.

Nunha ocasión gardei un recorte de prensa no que se recollía a noticia de que aparecera a biblioteca dun mestre represaliado tapiada porque el agachara todos os libros durante a guerra para que non os atoparan. Tempo despois quedei impactado cando descubrí que a illa de San Simón fora un campo de concentración, despois de ler o libro *Aillados*. Os dous feitos fixéronme reflexionar. Pensei que, como aquelas, tiña que haber moitas historias agachadas e pareceume unha boa idea para facer unha novela. Non quería que fose simplemente unha historia da guerra civil. Tiña que atopar unha maneira diferente de contar e por iso introducín esa maneira de recuperar o elo perdido entre a xeración que sufriu directamente a represión e a máis nova. Hai tamén unha homenaxe no libro a aqueles mestres republicanos que foron aniquilados e a aquel tempo de ilusión que quedou destruído.

A historia dramática e apaixonada ocúltase detrás dun home en aparencia desvalido e xordo, cun silencio que semella unha metáfora do ocultamento histórico.

O da xordeira tomeino de Lois Peña Novo, que era primo da miña avoa. Estivo en Vilalba na posguerra e matouno un coche en accidente, como ao tío de Sara no libro. É unha homenaxe particular que me petaba facer pero é certo que o símbolo é máis grande. O seu silencio é unha metáfora clara deses anos e da represión que sufriron moitos, do exilio interior.

Ao ler a novela é imposible non pensar na cantidade de historias que se calaron e preguntarse cantas estarían ao noso carón.

Alguén me dicía algo así, que tiña un parente do que ningún sabía nada e ocultaba unha tremenda historia. Contouno moi ben Chao Rego, tamén de Vilalba, cando dixó que ao morrer Lois Peña Novo non tiñamos nin idea do seu papel. Sobre el pesaba unha lousa de silencio. El foi unha personaxe pública pero hai moitos que anónimos, como a personaxe da novela, un mestre galeguista como houbo tantos. Na biblioteca quixen reflectir que houbo unha xeración dun xermol cultural grande que logo quedou en nada. Os postos deses mestres foron ocupados por tipos que viñan dos alfereces provisionais e que ás veces daban clase cunha pistola debaixo do brazo.

Nótase ademais pola descrición que visitou a illa de San Simón.


Non teño reparos en dicir que os dous últimos capítulos son a transcripción novelada do que me pasou a min en San Simón. Ademais, cando preparei a novela, lin moito arredor da guerra civil.

Agustín Fernández Paz

'Non pararei ata que me lean tamén os adultos'

CARME VIDAL

Sorprende a historia da última novela de Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras* (Xerais, Fóra de Xogo). Sara, unha moza, tira dun fío e atópase coa historia de amor e compromiso do tío da súa nai, silenciada tras o golpe militar de 1936. É a nova novela do autor máis lido e máis traducido da nosa literatura, un escritor que ten publicados vintecinco libros todos en coleccións infantís e xuvenís.



XAN CARBALLA

Por momentos ao ler a novela pensei que a historia que relata podía ser certa.

A min os libros que me chegan ao corazón son os que teñen vida, os que teñen emoción e cando os les tes a sensación de que aquilo que contan pode ser verdade, que garda forza nas súas páxinas. Esa é tamén a miña intención cando escribo. Quero dar a sensación de verosimilitude, que a persoa cando o lea saiba que é ficción pero que pense que pudo ter sido certo, nese pacto que se establece entre o lector e o escritor.

Non é só unha historia de silencio, é un relato de amor, unha novela de aventuras e misterio...

Todo mesturado. Se non tivera misterio sería unha historia máis da guerra civil e, aos meus anos, non paga a pena escribir o que xa está escrito. A

presencia ou o fantasma que aparece é a maneira de simbolizar a memoria viva que está desexando transmitirse e entronca tamén cunha tradición tan galega como a de que os mortos non son abandonados.

Sara recupera a memoria e recolle un anel que non era para ela.

Son golpes de intuición aos que logo lles ves explicación. Sempre digo que unha novela é como un iceberg, ve-se a parte de arriba pero mergullada queda unha masa superior que non está contada con palabras. A cada personaxe fíxelle unha biografía porque precisaba coñecelos aínda que logo non aparezan explícitos todos os datos. Agora doume conta de que usei dous elementos que aparecen nos contos tradicionais, o anel e a habitación pechada. Paréceme

indicado expresar as verdades con elementos fantásticos. Os rapaces non teñen nin idea do que aconteceu na guerra civil pero no libro teñen moitos fíos por onde tirar.

Esa é unha das singularidades do libro, comeza como unha novela de aventuras e logo sorprende a historia cando o lector xa está metido na trama.

Está feito con intención. Os primeiros capítulos son curtos, de aventura de verán ara atrapar ao lector. O mozo que a lea pódese enganchar a través dunha presenza fantasmal que pugna para ser descuberta. Estou convencido de que a novela ten unha capacidade para contar anacos de historia e vidas que non teñen os libros de ensaio. Cando les unha novela dunha época encarnada nuns personaxes pódete transfor-

mar de arriba a abaixo. Non che dará datos pero si unha visión da historia impresionante, é un vehículo impresionante para ter medida emocional dos acontecementos. Pero nesta novela hai tamén unha historia de amor.

E non é pouco o peso que ten.

Para min é a historia central. O amor no contexto da guerra civil, como podería ser en calquera situación difícil. Tiña certo temor porque poucas veces ensaiei coas historias de amor e é difícil non caer nos tópicos. Con esta novela tiña certo medo á hora de publicala.

¿Medo coa súa traxectoria literaria?

Podo ter máis recursos pero ensaio un territorio novo. Neste caso unha historia de amor e de recuperación da memoria histórica. Agora fálase de abrir as fosas e ogallá se faga pero ademais das físicas hai outras que están soterradas e son materia moi sensíbel.

Leva máis de vinte libros publicados e sempre en coleccións infantís e xuvenís.

En *Aire Negro* case me convencen para que fora nunha colección para adultos pero agora estou contento de que non o fixera. Coido que non estou errado en publicar estes libros que eu chamo de fronteira en coleccións xuvenís porque se os publicara noutra o meu público mozo posiblemente non accedería a elas. O que me amola é os prexuízos que fan que os adultos non se acheguen aos libros que están en coleccións para rapaces.

Segundo os datos que manexo vostede é o escritor máis lido e máis traducido da nosa literatura.

Pode ser. En catalán, por exemplo, acaban de sacar a undécima edición de *Cartas de inverno*. Teño practicamente todas as obras traducidas e publícanse con facilidade en todas as linguas da península aínda que abrir ese camiño foi difícil. Sei que moitos libros meus poden gustar, por exemplo, nos países nórdicos pero é moi difícil chegar a eles. Precísase algún tipo de mecanismo que axude a exportar a nosa literatura. Tiña que haber un organismo que fixese unha sinopse das novelas, que a traducise e que a movese polas editoriais estranxeiras. Cada ano hai oito ou dez novelas que se poden defender con brillantez en calquera lugar.

A xente sorpréndese cando escoita que Agustín Fernández Paz é o escritor que máis vende.

Porque hai unha visión peyorativa da literatura infantil e xuvenil e moitos prexuízos. Como novela xuvenil en Galiza temos *Baixo as rodas* de Herman Hesse e *A metamorfose* de Kafka, grandes obras. Os lectores adultos están perdendo boas novelas por estar en coleccións para mozos. Eu non pararei ata que me lean tamén os maiores. ♦